

CONCELLO DE
SANTIAGO

Expediente: Obras de "Reparación da calzada da Rúa do Espírito Santo"

Asunto: Análise documentación xustificación ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados

INFORME TÉCNICO

Obxecto

Redáctase o presente informe técnico para o análise da documentación achegada por EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L. como xustificación da súa oferta económica presentada no procedemento de contratación das obras de "**Reparación da calzada da Rúa do Espírito Santo**" de acordo co seu Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e coa documentación do expediente de referencia CON/72/2017.

Antecedentes

Con data 23/02/2018 se informou que as ofertas económicas de CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L., CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, S.L. e EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L. atópanse en situación de "ofertas con valores anormais ou desproporcionados" nos termos establecidos no apartado 8.1.b do Anexo 0 do PCAP.

Con data 21/03/2018 recibíuse do Servizo de Contratación de Obras e Servizos a seguinte documentación presentada a tal efecto:

ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	PRESENTACIÓN		LICITADOR
		DATA	REGISTRO	
3º	10	05/03/2018	9.413	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.

Non se ten constancia de que os licitadores CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L. e CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, S.L. presentaran documentación xustificativa das súas ofertas económicas.

Segundo o sinalado no apartado 8.1.b do Anexo 0 do PCAP, son criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal dunha oferta os seguintes, para os que se deberá presentar a documentación relacionada:

1. Xustificación dos prezos ofertados

A. Materiais

a) Compra

- Carta de compromiso dos provedores.
- Prezos detallados.

b) Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares): relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público

B. Maquinaria



CONCELLO DE SANTIAGO

a) Aluguer e/ou contratación: relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos.

b) Medios propios: relación detallada da maquinaria.

C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico.

2. Volume de obra

Neste caso, o licitador que presentou a oferta con valores anormais ou desproporcionados deberá xustificar a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.

3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada

Xustificárase mediante a achega da nómina do persoal laboral fixo e declaración responsable da obra en execución.

Descrición das obras licitadas

De acordo co proxecto construtivo que figura no perfil do contratante da páxina web oficial do Concello, as obras consisten en:

- Retirada do pavimento de lastros existente e execución, sobre a subbase da lousa de formigón existente, dunha soleira de formigón de 10 cm de espesor con acabado raiado.
- Substitución das pezas deterioradas de granito silvestre perimetrais aos sumidoiros existentes por outras novas e prolongando ata as beirarrúas formando bandas transversais na calzada.
- Substitución das pezas deterioradas de granito silvestre existentes nas beirarrúas por outras novas.
- Nivelación das arquetas e tapas existentes.
- Reposición das pezas de madeira rotas o deformadas que conforman a pasarela situada no tramo central da rúa.


Análise técnico das xustificacións presentadas

En anexo ao presente informe, incorpórase o análise individualizado e pormenorizado da documentación presentada, tendo en conta a documentación requirida segundo o establecido no apartado 8.1.b do Anexo 0 do PCAP.

Conclusión

Propónse á mesa de contratación a desestimación de todas as ofertas económicas analizadas por ser anormais ou desproporcionadas polos seguintes motivos:

- CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L.
Non presenta documentación xustificativa.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

- **CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, S.L.**
Non presenta documentación xustificativa.
- **EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.**
Non presenta toda a documentación requirida no PCAP e da que presenta non pode informarse favorablemente polos motivos expostos no seu análise pormenorizado.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2018

O Enxeñeiro de Camiños municipal,

Asdo.: Miguel Fernández Solís

ANÁLISE TÉCNICO DAS XUSTIFICACIÓNS PRESENTADAS

EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.

Procedese ao análise da documentación presentada polo licitador tendo en conta a documentación e as determinacións establecidas no apartado 8.1.b do Anexo 0 do PCAP:

1. Xustificación dos prezos ofertados

A. Materiais

a) Compra

Achega documentación de subministro dos seguintes materiais:

- Listóns de madeira de iroko de 40×80 mm tratados en autoclave

Presenta unha carta de compromiso de subministro de Deraiz Carpintería Integral pendente de aceptación das condicións que acorden as partes.

A carta de compromiso está formaliza nun folio en branco e non contén simboloxía corporativa do provedor. A sinatura e o selo son imaxes dixitalizadas e non son orixinais.

Presenta tamén un orzamento de subministro sen asinar. A descrición do material non contén todas as especificacións previstas no proxecto licitado.

Aporta un contrato de fabricación de carpintería sen asinar por ningunha das partes.

Non especifica se o subministro é en taller ou a pé de obra.

- Formigón pigmentado

Presentan unha carta de compromiso e prezo de subministro de Nemesio Ordóñez, S.A. pendente de aceptación das condicións que acorden as partes. A sinatura e o selo son imaxes dixitalizadas e non son orixinais.

A descrición do material non contén todas as especificacións previstas no proxecto licitado.

Non especifica se o subministro é en planta ou a pé de obra.

- Granitos Santa Eulalia, S.A.

Presenta unha carta de compromiso para *“colaborar en la ejecución de las unidades de obra de su competencia (...) disponiendo a tal efecto de todos los recursos materiales y humanos de que dispone”*. A sinatura e o selo son imaxes dixitalizadas e non son orixinais. A carta non especifica que unidades e tampouco cales son os materiais a subministrar.

Aporta un orzamento dunha unidade de obra que non se axusta as especificacións do proxecto, non consta expresamente que o provedor aporta os materiais da unidade de obra, que o transporte do material é por conta do cliente e que ten un prazo de validez de 3 meses dende o 27/02/2018. O

documento non está asinado polo licitador e a sinatura e o selo do provedor son imaxes dixitalizadas e non son orixinais.

- b) Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares): non achega documentación.

B. Maquinaria

- a) Aluguer e/ou contratación: manifesta que non dispoñerá de maquinaria en aluguer.
- b) Medios propios

Achega unicamente un listado xeral coa tipoloxía e especificacións básicas da maquinaria en propiedade. Non acredita de maneira fidedigna o listado presentado.

Non achega un estudo dos custos da maquinaria a utilizar na execución das obras (amortizacións, combustibles, consumibles, mantementos, condutores, seguros, impostos, etc.).

C. Oferta detallada por unidades de obra

Presenta a oferta detallada requirida e procedese o seu análise:

- En toda a mano de obra que inclúe e para a maior parte da maquinaria modifica a baixa, sobre o proxecto licitado, o seu custo horario. Non aporta ningún tipo de documentación o estudo pormenorizado de custos que xustifique ou fundamente os custos horarios utilizados, polo que non pode validarse ningún estudo de custos realizados con os mesmos.
- En algunhas das unidades de obra modifica a baixa, sobre o proxecto licitado, o seu rendemento. Non aporta ningún tipo de documentación o estudo pormenorizado de rendementos que xustifique ou fundamente os rendementos utilizados, polo que non pode validarse ningún estudo de custos realizados con os mesmos.
- Respecto aos medios para a seguridade e saúde da obra considera que ten un custo directo cero debido a que xa dispón dos mesmos e non necesita adquirilos. Esta afirmación é de todo punto improcedente posto que, como mínimo, debe incorporar o seu custo proporcional de amortización en función dos usos e tempos de vida do material utilizado. A filosofía sinalada polo licitador contradí a normativa de prevención de riscos laborais, a de protección dos traballadores e a de seguridade e saúde nas obras de construción.
- Establece un porcentaxe de custos indirectos do 3,22% e de estrutura de empresa do 3,15%. No acredita ni fundamente os porcentaxes utilizados.
- Segundo os seus cálculos manifesta que o custo da obra é de 38.275,25 €. Tendo en conta a súa oferta económica (39.299,92 €) resulta un beneficio do 2,61%.

2. Volume de obra

Non achega documentación que permita verificar a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados

3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada

Achega 3 recibos de liquidación de cotizacións a Seguridade Social e as súas relacións nominais para un total de 27 traballadores correspondente ao mes de xaneiro de 2018.

Non achega a nómina do persoal laboral fixo nin a declaración responsable da obra en execución polo que non xustifica a relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada.

En conclusión, a vista do antedito, non pode informarse favorablemente a xustificación da oferta económica presentada polo licitador, polo que se propón á mesa de contratación a súa desestimación por ser anormal ou desproporcionada.

Expediente: Obras de "Reparación da calzada da Rúa do Espírito Santo"

Asunto: Ordenación das ofertas económicas segundo factor prezo e determinación das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

INFORME TÉCNICO

Obxecto

Redáctase o presente informe técnico para a ordenación das ofertas económicas (sobre B) segundo o criterio de valoración factor prezo (cláusula 13 e apartado 8.1.a do Anexo 0) e para a determinación das ofertas con valores anormais ou desproporcionados (cláusula 13 e apartado 8.1.b do Anexo 0) do procedemento de contratación das obras de "Reparación da calzada da Rúa do Espírito Santo", de acordo co seu Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e coa documentación do expediente de referencia CON/72/2017.


Apertura sobre B

Con anterioridade, e despois de revisar a documentación do sobre A presentado polos licitadores, todos eles foron admitidos nesta fase.

Con data 22/02/2018 celebrouse a reunión da mesa de contratación para a apertura do sobre B dos licitadores non excluídos ata dito momento. Efectuada a mesma, non se detectaron incidencias que apuntar e as ofertas económicas dos licitadores que continúan no procedemento foron:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA
1	EULOGIO VINAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	46.413,00 €	25,00%
2	CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, S.L.	38.337,29 €	38,05%
3	CANARGA, S.L.	46.446,28 €	24,95%
4	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (OVIGA)	49.107,44 €	20,65%
5	2000 JOSCON CONSTRUCCIONES, S.L.	42.000,00 €	32,13%
6	ALCOMTE GALICIA, S.L.	43.300,00 €	30,03%
7	CONSTRUCCIONES OÑIAL, S.L.	55.371,90 €	10,52%
8	JSTOP OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	47.500,00 €	23,24%
9	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	58.697,21 €	5,15%
10	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.	39.299,92 €	36,49%
11	CYS HISPANIA, S.L.	39.500,00 €	36,17%
12	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)	40.282,17 €	34,91%
13	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)	49.154,56 €	20,57%
14	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L.	33.510,32 €	45,85%
15	UTE BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, S.L. EXCAVACIONES Y TRANSPORTES B.C. S.L.	43.318,98 €	30,00%
16	SIMER OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	61.884,25 €	0,00%
17	SYR-AMG, S.L.U.	43.758,28 €	29,29%
18	GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	44.228,57 €	28,53%

Orzamento base de licitación sen 21% de I.V.E. (apartado 4 do Anexo 0):	61.884,25 €
Prazo de execución (apartado 7 do Anexo 0):	2 meses



Ordenación das ofertas segundo o criterio de valoración

De acordo coa cláusula 13 e co apartado 8.1.a do Anexo 0 do PCAP, preséntase a continuación a ordenación de menor a maior dos licitadores segundo o prezo ofertado para o contrato:

ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA
1º	14	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L.	33.510,32 €	45,85%
2º	2	CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, S.L.	38.337,29 €	38,05%
3º	10	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.	39.299,92 €	36,49%
4º	11	CYS HISPANIA, S.L.	39.500,00 €	36,17%
5º	12	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)	40.282,17 €	34,91%
6º	5	2000 JOSCON CONSTRUCCIONES, S.L.	42.000,00 €	32,13%
7º	6	ALCOMTE GALICIA, S.L.	43.300,00 €	30,03%
8º	15	UTE BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, S.L. EXCAVACIONES Y TRANSPORTES B.C. S.L.	43.318,98 €	30,00%
9º	17	SYR-AMG, S.L.U.	43.758,28 €	29,29%
10º	18	GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	44.228,57 €	28,53%
11º	1	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	46.413,00 €	25,00%
12º	3	CANARGA, S.L.	46.446,28 €	24,95%
13º	8	JSTOP OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	47.500,00 €	23,24%
14º	4	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (OVIGA)	49.107,44 €	20,65%
15º	13	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)	49.154,56 €	20,57%
16º	7	CONSTRUCCIONES OÑIAL, S.L.	55.371,90 €	10,52%
17º	9	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	58.697,21 €	5,15%
18º	16	SIMER OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	61.884,25 €	0,00%

Determinación ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados

De conformidade coas consultas efectuadas á Sección de Contratación en anteriores procedementos de licitación, no caso de concorrencia de empresas vinculadas, é de aplicación o artigo 86 do Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RGLCAP). En consecuencia, para aplicar o réxime de apreciación de ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados, para cada grupo de empresas vinculadas tomarase unicamente a oferta mais baixa. No caso da presente licitación ningún dos licitadores manifestou vinculación entre eles.

A determinación das ofertas económicas con valores anormais ou desproporcionados realizase mediante o procedemento previsto no apartado 8.1.b do Anexo 0 do PCAP segundo o suposto de 4 ou mais ofertas:

1. Ofertas económicas dos licitadores non excluídos despois da apertura do sobre B e non vinculados: o listado correspóndese coa táboa do apartado anterior posto que non existen licitadores vinculados.
2. Media das ofertas económicas dos licitadores non excluídos despois da apertura do sobre B e non vinculados (1ª media) 45.672,79 €
3. Valor límite das ofertas para a consideración do cálculo dunha nova media (1ª media + 6,67%) 48.719,17 €

4. Ofertas económicas que superan o valor límite e exclúense do cálculo da nova media

ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA
14º	4	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (OVIGA)	49.107,44 €	20,65%
15º	13	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)	49.154,56 €	20,57%
16º	7	CONSTRUCCIONES OÑIAL, S.L.	55.371,90 €	10,52%
17º	9	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	58.697,21 €	5,15%
18º	16	SIMER OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	61.884,25 €	0,00%

5. Ofertas económicas non vinculadas que non superan o valor límite para o cálculo da nova media

ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA
1º	14	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L.	33.510,32 €	45,85%
2º	2	CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, S.L.	38.337,29 €	38,05%
3º	10	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.	39.299,92 €	36,49%
4º	11	CYS HISPANIA, S.L.	39.500,00 €	36,17%
5º	12	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)	40.282,17 €	34,91%
6º	5	2000 JOSCON CONSTRUCCIONES, S.L.	42.000,00 €	32,13%
7º	6	ALCOMTE GALICIA, S.L.	43.300,00 €	30,03%
8º	15	UTE BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, S.L. EXCAVACIONES Y TRANSPORTES B.C. S.L.	43.318,98 €	30,00%
9º	17	SYR-AMG, S.L.U.	43.758,28 €	29,29%
10º	18	GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	44.228,57 €	28,53%
11º	1	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	46.413,00 €	25,00%
12º	3	CANARGA, S.L.	46.446,28 €	24,95%
13º	8	JSTOP OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	47.500,00 €	23,24%

6. Media das ofertas económicas non vinculadas que non superan o valor límite para o cálculo da mesma (2ª media) 42.145,75 €

7. Valor límite das ofertas económicas para a súa consideración como temeraria (2ª media – 6,67%) 39.334,63 €

8. Ofertas económicas inferiores ao valor límite para a súa consideración como temerarias

ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA
1º	14	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L.	33.510,32 €	45,85%
2º	2	CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, S.L.	38.337,29 €	38,05%
3º	10	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.	39.299,92 €	36,49%

Conclusión

A vista do establecido no PCAP do procedemento de licitación, sométese a consideración da mesa de contratación a avaliación das seguintes ofertas económicas presentadas en canto ao establecido no mesmo para as ofertas con valores anormais ou desproporcionados:

- CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L.
- CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, S.L.
- EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Segundo o sinalado no apartado 8.1.b do Anexo 0 do PCAP, serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal dunha oferta os seguintes, para os que se deberá presentar a documentación relacionada:

1. Xustificación dos prezos ofertados

A. Materiais

a) Compra

- Carta de compromiso dos provedores.
- Prezos detallados.

b) Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares): relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público

B. Maquinaria

a) Aluguer e/ou contratación: relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos.

b) Medios propios: relación detallada da maquinaria.

C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico.

2. Volume de obra

Neste caso, o licitador que presentou a oferta con valores anormais ou desproporcionados deberá xustificar a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.

3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada


Xustificarse mediante a achega da nómina do persoal laboral fixo e declaración responsable da obra en execución.

Ademais do sinalado no PCAP, o técnico que subscribe solicita que sexa incluído nos requirimentos aos licitadores que *"só se aceptarán como elementos a avaliar das xustificacións presentadas aqueles que estean acreditados e debidamente documentados"*.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2018

O Enxeñeiro de Camións municipal,

Asdo.: Miguel Fernández Solís





CONCELLO DE SANTIAGO

ORDENACIÓN OFERTAS	Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I.V.E.)	BAIXA	EXCLUSIÓN 2ª MEDIA	OFERTAS TEMERARIAS
1º	14	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L.	33.510,32 €	45,85%		Temeraria
2º	2	CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, S.L.	38.337,29 €	38,05%		Temeraria
3º	10	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.	39.299,92 €	36,49%		Temeraria
4º	11	CYS HISPANIA, S.L.	39.500,00 €	36,17%		
5º	12	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)	40.282,17 €	34,91%		
6º	5	2000 JOSCON CONSTRUCCIONES, S.L.	42.000,00 €	32,13%		
7º	6	ALCOMTE GALICIA, S.L.	43.300,00 €	30,03%		
8º	15	UTE BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, S.L. - EXCAVACIONES Y TRANSPORTES B.C. S.L.	43.318,98 €	30,00%		
9º	17	SYR-AMG, S.L.U.	43.758,28 €	29,29%		
10º	18	GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	44.228,57 €	28,53%		
11º	1	EULOGIO VINAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	46.413,00 €	25,00%		
12º	3	CANARGA, S.L.	46.446,28 €	24,95%		
13º	8	JSTOP OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	47.500,00 €	23,24%		
14º	4	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (OVIGA)	49.107,44 €	20,65%	Excluir	
15º	13	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)	49.154,56 €	20,57%	Excluir	
16º	7	CONSTRUCCIONES ONIAL, S.L.	55.371,90 €	10,52%	Excluir	
17º	9	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	58.697,21 €	5,15%	Excluir	
18º	16	SIMER OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	61.884,25 €	0,00%	Excluir	

Orzamento base de licitación sen 21% de I.V.E. (apartado 4 do Anexo 0): 61.884,25 €

Prazo de execución (apartado 7 do Anexo 0): 2 meses

Media das ofertas económicas non excluídas e non vinculadas (1ª media): 45.672,79 € 26,20%

Valor límite cálculo 2ª media segundo apartado 8.1.b do Anexo 0 (+6,67%): 48.719,17 € 21,27%

Media das ofertas non excluídas e non vinculadas inferiores ao límite para 2ª media: 42.145,75 € 31,90%

Valor límite ofertas temerarias segundo apartado 8.1.b do Anexo 0 (-6,67%): 39.334,63 € 36,44%

Expediente: Obras de "Reparación da calzada da Rúa do Espírito Santo"

Asunto: Cálculo das puntuacións das ofertas segundo os criterios de adxudicación e ordenación final dos licitadores non excluídos

INFORME TÉCNICO

Obxecto

Redáctase o presente informe técnico para proceder ao cálculo das puntuacións (cláusula 13 e apartado 8 do Anexo 0) das ofertas (sobre B) e actos de negociación dos licitadores non excluídos ata o momento e a ordenación das mesmas segundo as puntuacións totais obtidas no procedemento de contratación das obras de "**Reparación da calzada da Rúa do Espírito Santo**", de acordo co seu Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e coa documentación do expediente de referencia CON/72/2017.

Licitadores non excluídos e ofertas presentadas no sobre B e actos de negociación

Despois da avaliación efectuada pola mesa de contratación das documentacións presentadas (sobres A e B) e determinadas tamén as ofertas económicas declaradas como anormais ou desproporcionadas, os licitadores non excluídos, ordenados inicialmente segundo o criterio de "prezo máis baixo da oferta" (apartado 8 do Anexo 0), e os valores das súas ofertas son os seguintes:

ORDENACIÓN INICIAL OFERTAS	Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO (sen I V F)	MELLORAS		
				PRAZO GARANTIA	CONTROL CALIDADE	XESTION RESIDUOS
1º	11	CYS HISPANIA, S.L.	39.500,00 €	5 anos	1%	1%
2º	12	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)	40.282,17 €	5 anos	1%	1%
3º	5	2000 JOSCON CONSTRUCCIONES, S.L.	42.000,00 €	5 anos	1%	1%
4º	6	ALCOMTE GALICIA, S.L.	43.300,00 €	5 anos	1%	1%
5º	15	UTE BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, S.L. EXCAVACIONES Y TRANSPORTES B.C. S.L.	43.318,98 €	5 anos	1%	1%
6º	17	SYR-AMG, S.L.U.	43.758,28 €	0 anos	1%	1%
7º	18	GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	44.228,57 €	0 anos	1%	1%
8º	1	EULOGIO VINAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	46.413,00 €	5 anos	1%	1%
9º	3	CANARGA, S.L.	46.446,28 €	5 anos	1%	1%
10º	8	JSTOP OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	47.500,00 €	5 anos	1%	1%
11º	4	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (OVIGA)	49.107,44 €	5 anos	1%	1%
12º	13	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)	49.154,56 €	5 anos	1%	1%
13º	7	CONSTRUCCIONES OÑIAL, S.L.	55.371,90 €	5 anos	1%	1%
14º	9	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	58.697,21 €	5 anos	1%	1%
15º	16	SIMER OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	61.884,25 €	0 anos	1%	1%

Puntuacións dos licitadores non excluídos segundo os criterios de adxudicación

Aplicando os criterios de adxudicación e as súas fórmulas establecidos no apartado 8 do Anexo 0 de PCAP resultan as seguintes puntuacións parciais e totais:



CONCELLO DE
SANTIAGO

ORDENACION INICIAL OFERTAS	Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	OFERTA ECONÓMICA	MELLORAS			TOTAL
				PRAZO GARANTIA	CONTROL CALIDADE	XESTION RESIDUOS	
1º	11	CYS HISPANIA, S.L.	40,00	10,00	2,00	2,00	54,00
2º	12	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)	39,22	10,00	2,00	2,00	53,22
3º	5	2000 JOSCON CONSTRUCCIONES, S.L.	37,62	10,00	2,00	2,00	51,62
4º	6	ALCOMTE GALICIA, S.L.	36,49	10,00	2,00	2,00	50,49
5º	15	UTE BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, S.L. EXCAVACIONES Y TRANSPORTES B.C. S.L.	36,47	10,00	2,00	2,00	50,47
6º	17	SYR-AMG, S.L.U.	36,11	0,00	2,00	2,00	40,11
7º	18	GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	35,72	0,00	2,00	2,00	39,72
8º	1	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	34,04	10,00	2,00	2,00	48,04
9º	3	CANARGA, S.L.	34,02	10,00	2,00	2,00	48,02
10º	8	JSTOP OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	33,26	10,00	2,00	2,00	47,26
11º	4	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (OVIGA)	32,17	10,00	2,00	2,00	46,17
12º	13	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)	32,14	10,00	2,00	2,00	46,14
13º	7	CONSTRUCCIONES OÑIAL, S.L.	28,53	10,00	2,00	2,00	42,53
14º	9	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	26,92	10,00	2,00	2,00	40,92
15º	16	SIMER OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	25,53	0,00	2,00	2,00	29,53

Ordenación final dos licitadores non excluídos segundo o criterio de valoración

A ordenación final dos licitadores non excluídos segundo as puntuacións totais obtidas da aplicación dos criterios de adxudicación sobre as súas ofertas é a seguinte:

ORDENACIÓN FINAL OFERTAS	Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	11	CYS HISPANIA, S.L.	54,00
2º	12	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)	53,22
3º	5	2000 JOSCON CONSTRUCCIONES, S.L.	51,62
4º	6	ALCOMTE GALICIA, S.L.	50,49
5º	15	UTE BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, S.L. EXCAVACIONES Y TRANSPORTES B.C. S.L.	50,47
6º	1	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	48,04
7º	3	CANARGA, S.L.	48,02
8º	8	JSTOP OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	47,26
9º	4	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (OVIGA)	46,17
10º	13	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)	46,14
11º	7	CONSTRUCCIONES OÑIAL, S.L.	42,53
12º	9	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	40,92
13º	17	SYR-AMG, S.L.U.	40,11
14º	18	GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	39,72
15º	16	SIMER OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	29,53

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2018

O Enxeñeiro de Camiños municipal,

Asdo. Miguel Fernández Solís

